

O AFORRO EN GALICIA

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Universidade de Vigo

Palabras clave: Economía, renda per cápita galega, aforro galego, depósitos galegos, banca privada, Caixas de Aforros Confederadas

Key words: Economy, Galician per capita income, Galician savings, Galician bank deposits, private banks, confederated savings banks

Resumo

Logo dunha visión da realidade galega, abordámo-lo estudio do aforro en Galicia canalizado en forma de depósitos a través das dúas institucións financeiras que consideramos como fundamentais para a súa captación: Bancos e Caixas de Aforros Confederadas.

A seguir damos tratamento ós datos de ambas institucións relacionados coa evolución e estrutura dos seus depósitos. Finalmente, a confrontación dos investimentos crediticios dos intermediarios financeiros e o volume dos depósitos por eles captados reflectirá en qué medida o aforro galego se desvía cara a investimentos fóra do ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma Galega.

Abstract

After surveying the situation of Galicia, this article discusses the Galician saving deposited in the financial institutions. Such as private and confederated saving banks which attract the majority of saving in this Spanish Community. Data related to the evolution and the structure of deposits in these two kinds of institutions are presented, and a comparison between the volume of their deposits and the credit granted shows the extent to which Galician saving are diverted towards investment outside the geograp-

hical territory of the Autonomous Community of Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

Ó aborda-lo estudio do aforro galego comezaremos sinalando que, dado o nivel de información dispoñible, non podemos intentar unha análise do mesmo en función da súa orixe, debendo limitarnos a aquela parte do aforro total da Comunidade Autónoma Galega que se canaliza en forma de depósitos a través das institucións financeiras máis características (Bancos e Caixas de Aforros). E aínda que non poida dicirse que os depósitos sexan un indicador preciso do aforro, si soen representar unha parte considerable do total de activos financeiros e, en consecuencia, podemos utilizalos sen grandes riscos como un índice sensible da capacidade de aforro dunha Comunidade Autónoma e, paralelamente, do grao de desenvolvemento que alcanza.

Abandonando en certa medida as esixencias derivadas dun formulamento teórico moi preciso, tentaremos traballar sobre magnitudes operativas, nas que as deficiencias puideran ser importantes ó devandito nivel, pero que o seu valor indicativo, orientador e operativo é indiscutible. Polo tanto, delimitado o campo de traballo de acordo coas categorías antes expos-

tas, a análise centrarase no aforro interior neto por parte das economías domésticas, de carácter voluntario e institucionalizado, pero sen deixar de sinalar antes a existencia de dúas importantes magnitudes que esixen unha matización específica: o volume total de depósitos e o aforro voluntario propiamente dito. A primeira magnitude correspóndese coa capacidade de prover fondos de financiamento polas institucións financeiras e é o aspecto recollido pola relación aforro-investimento; mentres que a segunda permite medi-la capacidade de aforro voluntario das economías domésticas. A base de distinción de ambas xira en torno ós depósitos á vista e fúndase na hipótese de que o diñeiro depositado nas devanditas institucións en forma de depósitos á vista non constitúe un verdadeiro aforro desde a óptica do depositante, senón que cumpren a función de "caixa" con gran mobilidade e velocidade de rotación. Con todo, cremos que o seu estudio é de suma importancia en canto proporciona orientación a entidades máis especificamente vinculadas ó aforro.

2. VISIÓN DA REALIDADE GALEGA. A RENDA PER CÁPITA

Situada ó Noroeste da Península Ibérica, Galicia é, tanto polas súas características físicas e xeográficas coma polas económicas e sociais, unha das zonas españolas máis perfectamente definidas¹, con peculiaridades naturais, xeográficas, históricas, agrarias, de produción industrial, renda ou produto interior, cultura, poboación emigrante, presión fiscal, presuposto familiar, aforro, consumo e outros factores sociais.

As condicións xeográficas da Comunidade Autónoma Galega determinan o escaso desenvolvemento dos seus medios e vías de comunicación, co conseguinte illamento que iso provoca, e a dispersión da súa poboación. Ambos factores representan un condicionante decisivo na problemática económica desta fermosa terra, á que tampouco é alleo o peculiar carácter do home galego, ata o punto de chegar a afirmarse que "Entre os elementos políticos e xurídicos ordenadores desa estrutura social económica, podemos sinalar, aínda, o influxo do dereito

individualista do século pasado como factor estimulante de pulverización da propiedade territorial; a este influxo hai que atribuírle o esmorecemento da compañía familiar galega, creación do espírito popular e da nosa peculiar constitución social-económica, na que a súa pervivencia axudou a manter unha doada dimensión nas explotacións campesiñas e con iso as posibilidades dun meirande crecemento da riqueza agraria do país (aplicacións técnicas, sementes e melloras, extensión do crédito, etc)"².

Doutra banda, tampouco o desenvolvemento histórico resultou favorable para Galicia aínda que, indirectamente e de forma involuntaria, provocara certos efectos que cabe calificar de "positivos" e dos cales o máis caracterizado sexa a capacidade de resistencia da xente galega, da que a forma máis típica de manifestación foi a emigración³. Outro efecto económico positivo, derivado da súa peculiar posición, é a abstenção no consumo para a formación do aforro familiar, que a coloca nun lugar destacado dentro do contexto nacional. Pero, a pesar diso, Galicia aparece dentro dese contexto, nun dos lugares máis baixos canto ó índice de industrialización e desenvolvemento, comunicacións, servicios, renda por habitante e outros.

A necesidade de deixar a un lado esa penosa e triste situación para lograr un maior grao de riqueza e prosperidade xunto a unha máis xusta distribución da renda, dispoñendo como dispón Galicia das condicións humanas precisas e puidendo alcanza-las dispoñibilidades financeiras axeitadas para o pleno desenvolvemento da súa economía que se traduzan nun mellor nivel de vida da súa comunidade, é o que nos leva a analiza-la estrutura e evolución do aforro galego e das posibilidades que a súa correcta utilización ofrece como factor de potenciación económica da Comunidade Autónoma Galega; correcta utilización que pasa pola súa axeitada canalización a través de instrumentos —entre os cales podería acharse un centro de contratación de valores mobiliarios⁴— que non se limiten a darlle colocacións alleas a esta realidade, senón que permitan achega-lo tremendo potencial que supón o aforro galego a empresas intimamente ligadas a Galicia, facilitándolles os fondos que estas demandan para iniciar,

hoxe por hoxe, o imprescindible despegue económico que require a sociedade galega.

Dicimos imprescindible porque ese relanzamento económico parécenos o único instru-

mento válido para logra-la elevación da renda galega que ten unha participación na renda neta e familiar dispoñible de España non moi significativa, como evidencian os seguintes datos:

ANOS	RENDA INTERIOR BRUTA			RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE		
	GALICIA	ESPAÑA	% G/E	GALICIA	ESPAÑA	% G/E
1967	91.938	1.582.400	5,8	86.606	1.407.265	6,2
1969	109.799	1.966.844	5,6	102.664	1.730.827	5,9
1971	138.639	2.502.367	5,5	134.561	2.234.389	6,0
1973	198.432	3.575.900	5,5	194.300	3.179.413	6,1
1975	295.888	5.168.569	5,7	288.763	4.543.462	6,4
1977	462.150	7.870.991	5,9	452.135	6.843.784	6,6
1979	698.447	11.601.345	6,0	688.371	10.051.372	6,8
1981	883.909	14.979.161	5,9	896.416	13.795.572	6,5
1983	1.152.803	19.810.945	5,8	1.143.369	17.954.804	6,4
1985	1.422.270	24.544.310	5,8	1.387.034	21.925.739	6,3
1987	1.856.966	32.024.747	5,8	1.804.135	28.092.425	6,4

Fonte: Banco de Bilbao. Renda Nacional de España e a súa distribución provincial.

E se os datos anteriores nos permiten unha visión da situación galega en relación ó total nacional, o panorama non é moito máis positivo

cando descendemos á análise de tales agregados no nivel "per cápita" segundo pode comprobarse a continuación:

ANOS	RENDA PER CÁPITA			RENDA DISPOÑIBLE PER CÁPITA		
	GALICIA	ESPAÑA	% G/E	GALICIA	ESPAÑA	% G/E
1967	35.391	48.358	73,2	33.339	43.006	77,5
1969	42.383	59.200	71,6	39.629	52.096	76,1
1971	53.715	73.543	73,0	50.200	65.587	76,5
1973	76.232	103.075	74,0	72.017	91.647	78,6
1975	110.462	146.001	75,7	106.171	128.346	82,7
1977	167.997	217.729	77,1	164.357	189.369	86,8
1979	250.999	314.382	79,8	247.378	272.380	90,8
1981	314.098	397.888	78,9	311.448	365.967	87,0
1983	407.294	519.211	78,4	403.961	470.564	85,8
1985	500.622	638.772	78,4	488.220	570.623	85,6
1987	652.620	824.694	79,1	634.055	723.430	87,6

Fonte: Banco de Bilbao. Renda Nacional de España e a súa distribución provincial.

A consecución desa elevación, que constitúe unha previsión de orde macroeconómica e que se entende posible mediante unha coordinación dos esforzos dos investidores públicos e privados para acadalo aproveitamento dos recursos galegos tanto no ámbito financeiro coma no humano, pasa pola alza da produción, que ten dúas formas semellantes e complementarias para efectuarse: o aumento das fontes económicas xa existentes e a creación de novas vías de obtención de riqueza das que Galicia está tan necesitada, como apuntou o Pr. Otero Díaz⁵ ó afirmar que "ningún acontecemento ou decisión fundamental tivo lugar dende os comezos da revolución industrial ata os nosos días que modifica a primitiva estrutura de Galicia de forma substancial".

3. REDES DE CAPTACIÓN DO AFORRO GALEGO

Atendendo ó número de establecementos e ó volume dos seus depósitos, o aforro voluntario galego é canalizado fundamentalmente pola Banca Privada e as Caixas de Aforros Confederadas (CECA), institucións cun grao de amplitude moi superior ó resto de entidades e nas que centraremos-lo noso estudo. Xunto a elas, cunha importancia cualitativa e cuantitativa sensiblemente menor, atópanse as Caixas Rurais e a Caixa Postal, o que, xunto á limitación espacial do traballo, xustifica que prescindamos do seu estudo⁶. Con estas precisións por diante, vamos a tentar un achegamento ós dous tipos de institucións financeiras que consideramos fundamentais na captación do aforro galego: a Banca Privada e as Caixas de Aforros Confederadas. Para iso, comezaremos por unhas ideas xerais de ambas institucións que poñerán de manifesto a paulatina desaparición da banca autóctona galega, cos evidentes prexuízos que iso supón para o financiamento do proceso de desenvolvemento e industrialización de Galicia e a política de concentración das Caixas de Aforros galegas. Continuaremos co estudo dos depósitos no sector que nos proporcionará unha idea da estrutura e evolución do aforro galego baseándose nos volumes atinxidos nestas dúas institucións. Por último, o achegamento ás operacións

crediticias permitíranos coñecer en qué medida o diñeiro depositado nas entidades financeiras que operan en Galicia se inviste nela e cómo incide no proceso do seu desenvolvemento económico.

3.1. A BANCA PRIVADA

Aínda que non está claro a orixe da Banca Galega⁷, si podemos afirmar que o seu nacemento pode situarse no século XVIII, concretamente, no ano 1717, ó crearse en Betanzos a primeira entidade bancaria co nome de Juan Etcheverría, Banqueros, denominada actualmente Banco Etcheverría, e no ano 1776, ó establecerse na Coruña a Casa de Banca de José Pastor e Cía, hoxe Banco Pastor. Durante o século XIX, créanse as seguintes entidades bancarias galegas: Banco Galego (antes Banco Fillos de Olimpio Pérez e despois Banco de Crédito e Investimentos); Bancos de Emisión da Coruña e de Santiago (anexionado o primeiro, trala etapa da Restauración, ó Banco de España e disolto o segundo)⁸; Banco Fillos de Simeón García (hoxe Banco Simeón) e os seus homónimos creados en Vilagarcía de Arousa, Ourense e Santiago de Compostela (absorbidos polo Banco Español de Crédito); Banco Fillos de A. Núñez Banqueiros (absorbido polo Banco Central); e Banco Jáudenes-Barcena (absorbido polo Banco de Santander). E no século XX: o Banco da Coruña (absorbido polo Banco Bilbao-Biscaia); o Banco de Vigo (absorbido por fusión); o Banco Perfecto Castro Canosa (hoxe Banco Consolidado de España); o Banco Cid (absorbido polo Banco de Santander); o Banco do Noroeste (adquirido polo grupo Rumasa e afectado polo proceso de expropiación da devandita Entidade); o Banco de Lugo (desaparecido por fusión); e, por último, no ano 1973 créase o Banco de Galicia da fusión dos Bancos de Vigo e Lugo.

Desta evolución histórica resulta evidente o proceso de desaparición dos bancos galegos como entidades independentes, nón só pola política de absorción levada a cabo pola gran banca española, senón tamén por outros procesos semellantes, non na forma pero si no resultado, dado que ó cederen todo ou parte do seu capital social a grupos financeiros foráneos deixan de ser propiamente galegos ó te-los seus centros de decisión fóra de Galicia. Exemplos

deste fenómeno constitúeno: o Banco de Galicia (vinculado case na súa totalidade ó Banco Popular Español); o Banco Consolidado de España (con domicilio en Madrid, antes Banco Perfecto Castro Canosa); e os Bancos Galego e Simeón (pertencentes ó grupo do Banco Exterior).

En resumo, só pode falarse de dúas entidades bancarias netamente galegas, o Banco Pastor e o Banco Etcheverría, o que xustifica o escaso peso específico que ten a Banca Galega no ámbito nacional, e polo tanto, que a labor de captación do aforro galego se desenvolva, fundamentalmente, polos bancos foráneos. Por iso, cando analicémo-los depósitos da Banca Privada, as súas cifras estarán referidas ó total dos depósitos bancarios en Galicia, non ós dos bancos galegos exclusivamente. Así e todo, a presenza dunha banca autóctona na Comunidade Autónoma Galega non parece ser un criterio determinante das decisións do público para a colocación dos seus aforros nos bancos galegos⁹.

3.2. AS CAIXAS DE AFORROS CONFEDERADAS

En Galicia existiron sete Caixas de Aforros Populares. A primeira fundouse na Coruña no ano 1876. No ano 1878 aprobáronse os Estatutos da Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Santiago de Compostela, que non abriría as súas portas ata o ano 1880, data na que tamén se funda a Caixa de Aforros e Monte de Piedade Municipal de Vigo.

En 1902 créase a Caixa de Aforros Xeral de Ferrol que, en 1930, toma o nome de Caixa Xeral de Aforros e Monte de Piedade de Ferrol. As seguintes Caixas de Aforros fundadas en Galicia son a de Pontevedra (1929) e a de Ourense (1933). Por último, no ano 1968 comeza as súas actividades a Caixa de Aforros Provincial de Lugo, creación que se autoriza pola Resolución de 11 de Xullo de 1967. Sen embargo, axiña comezaron os procesos de fusión entre as devanditas entidades. Así, no ano 1943, a Caixa de Aforros e Monte de ano 1958 acéptase o novo nome da entidade, Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña e Lugo, con sede central na Coruña e subcentral en Lugo, ambas con Consello de Goberno.

En 1975, conforme ás novas normas dictadas polo Ministerio de Facenda sobre expansión

(Orde Ministerial de 7 de Febreiro de 1975) e estímulos á fusión de Caixas (Decreto de 7 de Xullo de 1975), a Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña e Lugo propuxo ás outras dúas Caixas operativas na provincia da Coruña, Caixa Xeral de Aforros e Monte de Piedade de Ferrol e Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Santiago de Compostela, a integración nunha soa entidade, pero a negativa da Caixa de Santiago de Compostela e o falecemento do daquela Presidente da Caixa de Aforros de Ferrol paralizaron as negociacións. Finalmente, o 26 de Xaneiro de 1978, os Presidentes destas Caixas cursaron un escrito conxunto ó Ministerio de Economía solicitando a creación da Caixa de Aforros de Galicia. A fusión foi aprobada por Orde do Ministerio de Economía de 31 de Xaneiro de 1978, constituíndose a Caixa na Coruña o 3 de Abril de 1978, sendo escrita a fusión, segundo comunicación do Banco de España de 2 de Maio, no Rexistro Especial de Caixas de Aforro co número 130. A Caixa de Aforros de Galicia cunhas cuotas de mercado que experimentaron un avance considerable como resultado deste proceso, continuou a súa política de expansionismo na rexión galega, realizando posteriores fusións coa Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Santiago de Compostela, 8 de Xaneiro de 1980, e coa Caixa de Aforros Provincial de Lugo, 9 de Xaneiro de 1982. Se a iso xuntámo-las absorcións das Caixas Rurais da Coruña, Ourense e Pontevedra, é explicable que, hoxe por hoxe, Caixa Galicia sexa a institución máis potente do subsector galego. Tal afirmación queda de manifesto nos datos que se expoñen na Táboa de "Acreedores" da páxina seguinte). A posición destas catro Caixas de Aforro entre as cincuenta e seis españolas confederadas, a 31 de Decembro de 1991, era a seguinte.

	Recursos Alleos	Créditos
C.A.GALICIA	8 ^a	8 ^a
C.A.VIGO	17 ^a	13 ^a
C.A.OURENSE	39 ^a	43 ^a
C.A.PONTEVEDRA	47 ^a	37 ^a

ACREDORES (En millóns de pesetas)				
ANOS	C.A. GALICIA	C.A. VIGO	C.A. OURENSE	C.A. PONTEVEDRA
1982	164.575	86.665	51.844	23.749
1983	200.098	98.149	59.813	28.340
1984	241.260	112.923	68.031	33.825
1985	275.768	121.271	79.587	41.188
1986	332.937	131.976	88.059	46.712
1987	380.091	149.099	98.136	54.565
1988	469.506	174.397	113.963	69.297
1989	541.785	222.586	113.254	74.391
1990	639.841	256.196	121.708	83.804
1991	720.481	289.369	133.172	92.706

Fonte: CECA. Balance de Situación Público a 31 de Decembro de cada ano.

4. OS DEPÓSITOS GALEGOS NA BANCA PRIVADA E CAIXAS DE AFORRO CONFEDERADAS. 1967-1990

Vamos amosar unha visión de conxunto da evolución e estrutura do aforro galego, en forma de depósitos, que nos permitirá obter unha imaxe clara da capacidade que ten a Comunidade Autónoma Galega para a creación de medios financeiros propios, malia a súa reducida renda per cápita, como xa comprobamos.

En relación coa evolución do volume total destes depósitos, hai que destacar, como nota común, o elevado ritmo de crecemento en ambas institucións, como pode comprobarse nas seguintes cifras:

ÍNDICE DE CRECEMENTO 1967-1990			
ÁMBITO	BANCOS	CECA	BANCOS E CECA
GALICIA	3.054,0	4.236,8	3.462,3
ESPAÑA	2.722,0	5.259,3	3.480,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias, e do BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estadístico. Distribución Provincial.

A distribución destes depósitos entre Bancos e CECA, amosa como nota común característica, a maior importancia absoluta que, ó longo de todo o período, teñen os depósitos bancarios fronte ós das Caixas de Aforros Confederadas. En termos relativos, hai un proceso xeral de crecente participación da CECA na absorción de depósitos¹⁰, proceso que a penas é perceptible en Galicia e si moi acusado en España, como pode apreciarse a continuación:

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN				
ANOS	GALICIA		ESPAÑA	
	BAN-COS	CECA	BAN-COS	CECA
1967	65,5	34,5	70,1	29,9
1990	57,8	42,2	54,8	45,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias, e do BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estadístico. Distribución Provincial.

Se agora, atendemos ó prazo de imposición e considerámo-las cifras absolutas da evolución estrutural destes depósitos, pode observarse

como a característica máis importante é o predomínio do prazo sobre as outras dúas modalidades de aforro que, nos depósitos bancarios, se dá durante todo o período en Galicia e desde 1978 en España; e nos depósitos das Caixas de Aforros Confederadas desde 1970 e 1984 en

Galicia e España, respectivamente.

Esta evolución, expresada en números índices con base 100 en 1967, da que as súas cifras detallamos a continuación, fan innecesario, pola súa claridade, todo comentario:

ÍNDICE DE CRECEMENTO 1967-1990			
ÁMBITO	BANCOS	CECA	BANCOS E CECA
VISTA			
España	2.000,6	6.646,2	2.402,5
Galicia	2.795,2	4.395,0	3.051,2
AFORRO			
España	942,9	2.401,1	1.609,9
Galicia	1.573,6	2.808,3	2.188,1
PRAZO			
España	8.796,8	14.675,7	10.803,2
Galicia	4.158,7	6.270,7	4.800,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias, e do BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estadístico. Distribución Provincial.

Polo que se refire ás porcentaxes de participación estrutural dos anos inicial e final do período estudado sobre os seus respectivos

totais, a situación é moi semellante en Galicia e España, como pode apreciarse a continuación:

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN						
ANOS	VISTA		AFORRO		PRAZO	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
1967	21,2	37,3	37,0	45,6	41,8	17,1
1990	18,6	25,7	23,4	21,1	58,0	53,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias, e do BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estadístico. Distribución Provincial.

En efecto, podemos comprobar como en Galicia e en España, é común a liña descendente dos depósitos á vista e de aforro, así como a crecente dos depósitos a prazo, aínda que neste caso a preponderancia sobre o resto das outras

modalidades de aforro, nas dúas datas, tan só se evidencia en Galicia.

Sen embargo, cremos necesario resalta-la inclinación do público polas modalidades dos depósitos a prazo, máis acentuada en Galicia ca

en España, a pesar da perda significativa do seu peso específico no total nacional. Esta preferencia do aforrador galego vese favorecida polas remesas dos emigrantes, pero con profundas consecuencias no panorama socioeconómico do

país galego¹¹. A modo exclusivamente indicativo, enumerámo-los datos relativos ó aforro do emigrante nas Caixas de Aforros Confederadas, españolas e galegas, entre os anos 1970 e 1980:

AFORRO DE EMIGRANTE (En millóns de pesetas)			
ANOS	CECA	CAIXAS GALEGAS	% G/E
1971	604,5	74,2	12,3
1972	2.077,5	319,4	15,4
1973	5.306,9	973,6	18,3
1974	10.509,7	3.097,9	29,5
1975	18.501,0	7.558,4	40,9
1976	28.032,5	12.456,9	44,4
1977	39.253,8	17.358,6	44,2
1978	52.450,6	23.213,3	44,4
1979	63.524,8	28.293,7	44,6
1980	78.363,8	34.831,5	44,4

Fonte: CECA. Balance de Situación Público a 31 de Decembro de cada ano.

Este corte temporal obedece ó feito de que só desde 1970 se implanta de xeito obrigatorio o Balance Público de Situación para as Caixas de Aforros e a que, desde 1981, este aforro non figura como partida independente no balance. Non recollémo-los datos sobre o aforro do emigrante nos Bancos, ó ser imposible

determinar qué parte do volume deste ten a súa orixe en Galicia.

Por último, os datos que a continuación especificamos, amosan a cota de participación dos depósitos galegos no contexto nacional, que como pode comprobarse a penas sofren variación:

PARTICIPACIÓN PORCENTUAL: GALICIA / ESPAÑA			
ANOS	BANCOS	CECA	BANCOS E CECA
1967	5,4	6,7	5,8
1990	6,1	5,4	5,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias, e do BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estatístico. Distribución Provincial.

5. EMPREGO DO AFORRO GALEGO

Unha vez examinado o aforro de Galicia formalizado en depósitos de Bancos e Caixas de

Aforros Confederadas, referirémonos agora ás operacións crediticias das devanditas institucións, para observa-la súa incidencia no proceso económico rexional; é dicir, trátase de pescudar

en qué medida o diñeiro depositado no ámbito xeográfico galego se inviste en Galicia, para o que acudiremos á comparación entre o volume de depósitos e o de créditos do sector.

O primeiro que debemos indicar é a carencia case total de información estatística polo que respecta ós investimentos realizados polas entidades do noso Sistema Financeiro. Iso impedíunos unha análise da súa evolución na etapa 1967-1990, como correspondería no paralelismo co estudo dos depósitos ata agora realizado.

O que si semella evidente é que as empresas financeiras privadas, en especial os Bancos, inmersas no marco xeral da economía de mercado, tenden a investir naquelas actividades que lles proporcionan as maiores marxes de beneficios cos menores riscos posibles, iso implica que os recursos captados non teñen porque investirse necesariamente nas zonas de orixe. Noutras palabras, o aforro xerado nas comunidades autónomas e provincias menos desenvolvidas, entre as que tristemente debemos encadrar a Galicia, captado polas entidades bancarias, desprázase a zonas máis desenvolvidas. O efecto é máis moderado no caso das Caixas de Aforros, dada a súa propia natureza de institucións exentas de lucro mercantil e a

súa clara e tradicional vocación rexional.

En 1988 o Banco de España comeza a publicación dunha serie histórica referente ós créditos totais do sistema bancario, distribuída por Autonomías, que ten o seu punto de arranque en 1983 e que engloba á Banca Privada, ás Caixas de Aforros e ás Cooperativas de Crédito, sen establecer nela diferenciacións entre as partidas correspondentes a cada un deses intermediarios financeiros. No caso das Caixas de Aforros Confederadas tales partidas son proporcionadas polo seu Balance de Situación Público, obrigatorio desde 1970. En canto á Banca Privada procederemos por aproximación, obtendo os seus créditos totais de restar ós datos procedentes daquela serie histórica, as cifras proporcionadas polos devanditos balances. O procedemento presenta un inconveniente: quedan incluídas no volume total de investimentos crediticios dos Bancos, as cifras atinxidas polas Cooperativas de Crédito; pero, dada a escasa contía das mesmas, iso non parece privar de validez ó método empregado, nin mingua-la veracidade das informacións obtidas. Con estas premisas por diante calculámo-los investimentos crediticios das Caixas de Aforros Confederadas e da Banca Privada, obtendo como resultado as seguintes cifras:

INVESTIMENTOS CREDITICIOS BRUTOS						
(En miles de millóns de pesetas)						
ANOS	GALICIA		ESPAÑA		% G / E	
	BANCOS (*)	CECA	BANCOS (*)	CECA	BANCOS	CECA
1983	385,2	219,0	11.034,0	3.506,5	3,5	6,2
1984	360,9	232,4	10.890,4	3.738,5	3,3	6,2
1985	394,0	264,5	11.869,2	4.098,3	3,3	6,5
1986	380,3	335,8	12.688,0	4.842,3	3,0	6,9
1987	403,3	400,5	14.585,5	5.840,7	2,8	6,9
1988	459,2	512,9	16.725,3	7.154,2	2,7	7,2
1989	513,2	610,7	18.933,0	8.558,0	2,7	7,1
1990	615,1	680,6	20.750,6	10.002,7	3,0	6,8

(*) Inclúense Cooperativas de Crédito.
 Fonte: Elaboración propia a partir de: CECA: Balance de Situación Público a 31 de Decembro, e BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estatístico. Serie Histórica.

O exame destes datos pon de manifesto, dunha banda, como o crecemento das Caixas de Aforros Confederadas foi máis forte que nos Bancos pois, mentres que as primeiras multiplicaban o volume dos seus créditos por 3,11 en Galicia e 2,81 en España, os Bancos facían, respectivamente, por 1,60 e 1,88; e, doutra banda, como a participación de Galicia en España evoluciona en sentido gradualmente negativo, en Bancos desde o inicio do período considerado, ano 1983, e nas Caixas de Aforros

Confederadas desde 1989.

E dado que non nos interesa tanto a análise da evolución dos investimentos crediticios destes intermediarios financeiros coma a súa confrontación cos depósitos existentes en tales entidades, xa que de aí obterémo-lo nivel de vocación rexional dos investimentos realizados con fondos procedentes do aforro galego, extrapolando as cifras dos depósitos do sistema bancario, resultan os seguintes datos:

CRÉDITOS TOTAIS DO SISTEMA BANCARIO / DEPÓSITOS DO SECTOR PRIVADO (En miles de millóns de pesetas)									
ESPAÑA									
ANOS	BANCOS			CAIXAS DE AFORROS			TOTAL		%G/E
	CRÉDITOS(*)	DEPÓSITOS(**)	% C/D	CRÉDITOS	DEPÓSITOS	% C/D	CRÉDITOS	DEPÓSITOS	
1983	11.034,0	10.644,2	103,7	3.560,5	5.754,9	61,9	14.594,5	16.399,1	89,0
1984	10.890,0	11.707,1	93,0	3.738,5	6.524,5	57,3	14.628,9	18.231,6	80,2
1985	11.869,2	11.407,9	104,0	4.098,3	7.548,3	54,3	15.967,5	18.956,5	84,2
1986	12.688,0	12.939,8	98,1	4.842,3	8.629,8	56,1	17.530,3	21.569,6	81,3
1987	14.585,5	15.844,0	92,1	5.840,7	9.653,6	60,5	20.426,2	25.497,6	80,1
1988	16.725,3	17.045,7	98,1	7.154,2	11.701,6	61,1	23.879,5	28.747,3	83,1
1989	18.933,0	18.486,3	102,4	8.558,0	14.193,0	60,3	27.491,0	32.679,3	84,1
1990	20.750,6	20.983,1	98,9	10.002,7	16.030,2	62,4	30.753,3	37.013,3	83,1
GALICIA									
1983	385,2	662,9	58,1	219,0	294,9	74,3	604,2	957,8	63,1
1984	360,9	726,4	49,7	232,4	329,7	70,5	593,3	1.056,1	56,2
1985	394,0	741,8	53,1	264,5	389,4	67,9	658,5	1.132,2	58,2
1986	380,3	843,9	45,1	335,8	459,8	73,0	716,1	1.303,7	54,9
1987	403,3	939,8	42,9	405,5	520,7	76,9	803,8	1.460,5	55,0
1988	459,2	1.002,3	45,8	512,9	621,6	82,5	972,1	1.623,9	59,9
1989	513,2	1.076,4	47,7	610,7	737,8	82,8	1.123,9	1.814,2	62,0
1990	615,1	1.187,9	51,8	680,6	864,3	78,7	1.295,7	2.052,2	63,1

(*) Inclúense as Cooperativas de Crédito.

(**) Idem. desde 1987.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da: CECA: Depósitos do Sector Privado por provincias e Balance Público de Situación, e BANCO DE ESPAÑA: Boletín Estadístico. Serie Histórica e Distribución Provincial.

Á luz destas cifras a Comunidade Autónoma Galega queda caracterizada, desde o punto de vista financeiro, como un territorio aforrador nato. En efecto, os créditos representaban, nos anos de porcentaxe máis elevado, 1983 e 1990, o 63,1% dos depósitos, cando, nesas mesmas datas, alcanzaban en España o 89% e 83,1%, respectivamente. Así pois, está claro que unha parte do aforro galego destínase a financiar os investimentos que o sistema financeiro realiza noutras zonas españolas.

Por intermediarios financeiros a situación non é homoxénea, nin presenta o mesmo comportamento en España e Galicia. Deste xeito, mentres no agregado nacional son as Caixas de Aforros Confederadas, con porcentaxes máis reducidos que os Bancos, as que fan diminuí-la

media nacional de participación nos créditos sobre os depósitos, en Galicia confírmase a vocación rexional das súas Caixas de Aforros, con maiores niveis de colocación do aforro galego en investimentos destinados á Comunidade Autónoma Galega, logrando elevar, siquera moderadamente, a porcentaxe de participación do total dos créditos sobre o total dos depósitos. Ademais, mentres nas Caixas de Aforros vai aumentando o volume de depósitos destinados a investimentos crediticios en Galicia, as entidades bancarias foron recortando as súas cifras globais. Estas afirmacións teñen o seu reflexo nas cotas porcentuais que ostenta Galicia sobre España en créditos e en depósitos en cada un destes intermediarios financeiros, como pode comprobarse a seguir:

PORCENTAXES DE PARTICIPACION GALICIA / ESPAÑA						
ANOS	BANCA		CAIXAS DE AFORROS		TOTAL	
	CRÉDITOS	DEPÓSITOS	CRÉDITOS	DEPÓSITOS	CRÉDITOS	DEPÓSITOS
1983	3,5	6,2	6,2	5,1	4,1	5,8
1984	3,3	6,2	6,2	5,1	4,1	5,8
1985	3,3	6,0	6,5	5,2	4,1	6,0
1986	3,0	6,5	6,9	5,3	4,1	6,0
1987	2,8	5,9	6,9	5,4	3,9	5,7
1988	2,7	5,9	7,2	5,3	4,1	5,6
1989	2,7	5,8	7,1	5,2	4,1	5,6
1990	3,0	5,7	6,8	5,4	4,2	5,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos precedentes.

Tendo en conta estas cotas porcentuais, por aproximación, calculamos qué nivel de aforro galego emprégase en investimentos fóra de Galicia, partindo da premisa de que o seu

total emprego na Comunidade Autónoma Galega supoñería, tanto en créditos coma en depósitos, idéntica porcentaxe de participación de Galicia en España obtendo os seguintes datos¹²:

DIFERENCIA VOLUME REAL E POTENCIAL DE CRÉDITOS EN GALICIA (*) (En miles de millóns de pesetas)			
ANOS	BANCA	CECA	BANCA E CECA
1983	-298,9	+37,4	-242,3
1984	-314,3	+41,7	-255,2
1985	-377,5	+51,4	-299,6
1986	-444,4	+79,2	-335,7
1987	-457,2	+85,1	-360,7

DIFERENCIA VOLUME REAL E POTENCIAL DE CRÉDITOS EN GALICIA (*) (Cont.)			
(En miles de millóns de pesetas)			
ANOS	BANCA	CECA	BANCA E CECA
1988	-527,6	+133,7	-365,7
1989	-584,9	+165,7	-415,6
1990	-567,7	+140,5	-426,5

(*) O signo + expresa un nivel superior de investimentos crediticios sobre os depósitos galegos.
Fonte: Elaboración propia.

Resulta evidente, á luz das anteriores cifras como, fronte ó esforzo investidor realizado polas Caixas de Aforros Galegas, a Banca Privada, rexida por criterios de maior rendibilidade, desvía fondos captados en Galicia a colocacións crediticias extraautonómicas que lle reportan un beneficio superior ó seu emprego na propia Comunidade Autónoma, a busca de rendementos de capital altos e seguros¹³.

En definitiva, se partimos do principio de que a canalización do aforro eficaz cara ós investimentos productivos depende de dous factores fundamentais: contía do aforro e eficacia das institucións que integran o sistema financeiro, podemos afirmar que, en contra dun elemental tratamento de xustiza social pola decisiva incidencia que o investimento ten na creación de postos de traballo e na elevación do nivel de vida, é obvia a fuxida de capitais que se produce en Galicia, destinándoos a financiarlo desenvolvemento doutras Comunidades Autónomas en detrimento do despegue económico de Galicia; situación claramente negativa para un xusto e obxectivo desenvolvemento na Comunidade Autónoma Galega e expoñente do proceso de descapitalización que a mesma padece.

NOTAS

1. Véxase PERPIÑÁ Y GRAU, R. (1971). La problemática de delimitación espacial o regional. *Boletín de Estudios Económicos*, Vol. XXVI, No. 83, Agosto, pp. 675-729. Universidad de Deusto.
2. Véxase EQUIPO EDITORIAL DE R.E.G.: *Economía e sociedade en Galicia, 1958-1967*, p. 13. Vigo: Editorial Galaxia.
3. Así, díxose que "en Galicia non se pide nada; emígrase". Véxase CASTELAO, A.R. (1931). *Nós*, Lámina 32. Madrid: Hauser y Menet.
4. Un estudio sobre a viabilidade da implantación dun centro de contratación de valores mobiliarios en Galicia, pode atoparse en RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, J.A. (1991). *Los centros de contratación de valores mobiliarios en las Comunidades Autónomas. Especial referencia a Galicia*, Vol. 1. (Tesis de Doutoramento). Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Vigo.
5. Véxase OTERO DÍAZ, C. *Problemas y soluciones del desarrollo económico de Galicia*, p. 21. Algorta (Vizcaya): Ed. Zero.
6. En relación coas Caixas Rurais, véxase RODERO FRANGANILLO, A. (1974). *Las Cajas Rurales Españolas. Biblioteca de Ciencias Empresariales*, pp. 47-48. Madrid: ICE Ediciones.
7. Sábese que os xudeus dedicáronse en Galicia a diferentes clases de comercio, entre eles ó dos metais preciosos, pero non hai rastros claros da súa actuación como banqueiros ou prestamistas. Véxase MARTÍNEZ MORAS, M. (1958). Síntesis económica de Galicia. *Tip. Faro de Vigo*, p. 128.
8. Os titulares destes bancos eran representantes do comercio das respectivas cidades. Véxanse SÁNCHEZ-ALBORNOZ, N. (1968). Los bancos y las sociedades de crédito en provincias: 1856-1968. *Moneda y Crédito*, No. 104, Marzo, pp. 39-68, e TORTELLA CASARES, G. (1970). La evolución del sistema financiero español de 1856 a 1868. En: *Ensayos sobre la Economía Española a mediados del siglo XIX*, pp. 17-145. Madrid: Servicio de Estudios del Banco de España.
9. Neste sentido, sinalouse que "os imponentes galegos, ó dar destino ó seu diñeiro, non obran con criterio selectivo conforme á vinculación ou

radicación das institucións á custodia das cales entréganse. Sérvenlles, para tal fin, os bancos locais ou rexionais como calquera sucursal ou axencia da banca nacional". Véxase PAZ ANDRADE, V. (1968). La marginación del capital y el desarrollo de Galicia. *Cuadernos para el Diálogo*, No. IX (Extraordinario), Julio, pp. 63-68.

10. Véxase CECA. (1968). *Comportamiento y actividades de las economías domésticas hacia el ahorro y el consumo*, pp. 415-416. Madrid: Data S.A.
11. Véxase MIGUEL, A. (1967). Galicia. Éxodo y desarrollo. *Cuadernos para el Diálogo*, p. 105. Madrid.
12. Para o cálculo anual do volume potencial de créditos en Galicia utilizámo-la seguinte expresión:

Volume créditos en España x % Galicia / España en depósitos

100

13. Véxase MYRDAL, G. (1957). *Teoría Económica y regiones subdesarrolladas*, p. 40. Méjico: Fondo de Cultura Económica.

BIBLIOGRAFÍA

BANCO DE ESPAÑA. (Varios anos). *Boletines Estadísticos*. Madrid: Banco de España.

BARRAL ANDRADE, R. (1973). *O aforro e a inversión na Galicia*. Vigo: Ed. Sept.

CARTER; PARTINGTON. (1979). *Applied Economics in Banking and Finance*. Oxford: Oxford University Press.

CASAS PARDO, J. (1984). *Curso de Economía*. Madrid: Imprenta Berguío.

CECA. (1986). *Comportamiento y actividades de las economías domésticas hacia el ahorro y el consumo*. Madrid: Ed. Data S.A.

CECA. (Varios anos). *Balance de situación Público a 31 de Diciembre de cada año*. Madrid: CECA.

CECA. (Varios anos). *Depósitos del sector privado por provincias en las Cajas de Ahorros*. Madrid: CECA.

CONSEJO SUPERIOR BANCARIO. (Varios anos). *Anuario Estadístico de la Banca Privada*. Madrid: Consejo Superior Bancario.

CUERVO, A. (1975). *El Sistema Financiero Español*. Madrid: UNED.

CUERVO, A.; PAREJO, J.A.; RODRÍGUEZ, L. (1987).

Manual del Sistema Financiero. Instituciones, mercados y medios en España. Barcelona: Ed. Ariel.

- EQUIPO EDITORIAL DE R.E.G. (1968). *Economía e sociedade en Galicia, 1958-1967*. Vigo: Ed. Galaxia.
- GOLDSMITH, R.W. (1968). *Financial Institutions*. New Haven: Ed. Yale University Press.
- GOLDSMITH, R.W. (1969). *Financial Structure and Development*. New Haven: Ed. Yale University Press.
- GURLEY, J.G.; SHAW, E.S. (1960). *Money in a theory of finance*. Washington: The Brooking Institution.
- HIRSCHMAN, A.O. (1961). *Las estrategias del desarrollo económico*. Méjico: Fondo de Cultura Económica.
- KEYNES, J.M. (1910). *Teoría general de la ocupación, el interés y el dinero*. Méjico: Fondo de Cultura Económica.
- MARTÍNEZ MORAS, M. (1958). Síntesis económica de Galicia. *Faro de Vigo*.
- MIGUEL, A. (1967). *Galicia. Éxodo y desarrollo*. Madrid: Edicusa.
- MYRDAL, G. (1957). *Teoría Económica y regiones subdesarrolladas*. Méjico: Fondo de Cultura Económica.
- NURSKÉ, R. (1966). *Problemas de formación de capital en los países insuficientemente desarrollados*. Méjico: Fondo de Cultura Económica.
- OTERO DÍAZ, C. (1972). *Problemas y soluciones del desarrollo económico de Galicia*. Algorta (Vizcaya): Ed. Zero.
- PAZ ANDRADE, V. (1968). *La marginación del capital y el desarrollo de Galicia*. Madrid: Edicusa.
- RODERO FRANGANILLO, A. (1974). *Las Cajas Rurales Españolas. Biblioteca de Ciencias Empresariales*. Madrid: ICE Ediciones.
- SHAW, E.S. (1970). *Financial Deeping in Economic Development*. London: Oxford University Press.
- TORRERO MAÑAS, A. (1979). *La liberalización del sistema financiero español*. Monografía No. 12. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- TRÍAS FARGAS, A. (1970). *El Sistema Financiero*. Barcelona: Ed. Ariel.
- VALLE, V. (1989). El ahorro y su comportamiento en la Economía Española. *Economistas*, No. 35, pp. 91-93. Madrid: Colegio de Economistas.